

Historia do IESP de Ames

Emma Arias Blanco 4ºESO B

Dende a inauguración do IESP de Ames os xardíns foron evolucionando moito ao longo do tempo. Nos primeiros anos no que o centro abriu ós estudantes de Bertamirans, Ames e arredores, realmente non había xardíns propiamente ditos, senón varias zonas verdes con tan só herba cortada.

Paulatinamente e con paciencia, fóronse empezando a plantar especies vexetais no recinto escolar, comezando pola primeira árbore en honor á primeira muller falecida por seres vítima de violencia de xénero no concello de Ames. Dende entón cada ano se coloca unha nova árbore no Paseo da Igualdade ou Paseo Carmen Amado, situado na zona W do centro.

Como xa dixen anteriormente, nunca houbo xardíns como tal no instituto, ata que coa chegada de Roberto Amarelle como profesor, a través dun proxecto co alumnado de 3º de PMAR diseñáronse os planes futuros para a instalación de árbores, arbustos e flores no recinto escolar; ademais doutras iniciativas de Voz Natura. Cunha axuda económica de 1000€ concedida pola Voz de Galicia, mercouse todo o material necesario para a creación e mantemento destes (as propias plantas, abono, casca de piñeiro, etc.). A idea inicial era facer uso destes cartos para construír dous xardíns: un na zona N (entrada principal) e outro onde están actualmente situadas as mesas de ping-pong. Os rapaces e profesores puxeron moita dedicación neles, acudindo polas tardes, por exemplo, tendo a oportunidade de participar nunha actividade na que se vería reflexado o seu duro traballo máis tarde e coa que se divertiron moito. Comezáranse a plantar as especies neste lugar, cando un día a dirección do centro, cun técnico da Xunta, anunciou que se tería que arrincar todo para botar formigón e facer un patio interior cuberto (que se segue a utilizar hoxe en día). O proxecto dos profesores e alumnado detívose entón e houbo que desenterrar todo para trasladalo á parte dianteira do recinto escolar, a ambos lados da entrada principal, onde se proseguíu ata rematalo por completo.

Roberto, que foi director este proxecto, propuxo as ideas de habilitar novas zonas verdes pensando en que é un centro educativo, e non debe de haber só aulas e formigón senón tamén espazos de lecer para o benestar do alumnado. A construción de novas aulas e anexos elimina cada vez máis estas áreas vexetais, formando un ambiente máis cargado no que semella que hai demasiadas persoas nun entorno pechado e apagado. Quedamos incluso sen opcións para formar patios abertos cunha finalidade deportiva, tendo que recurrir entón a outras instalacións alleas ó instituto. Por exemplo, o descoido da antiga pista de atletismo ó aire libre que rodeaba o edificio principal mostra o desinterese pola loita por que sigan existindo espazos naturais. Tamén o vemos coa destrución da antiga cancha de baloncesto e os arbustos que a rodeaban, pola instalación da SUM no 2018.

O ex-alumno e ex-profesor propón novas alternativas, como o permiso para a nosa saída á carballeira limítrofe co muro do centro durante os recreos ou a ampliación do recinto escolar sen finalidade de

construcción, intentando conseguir unha especie de xardín urbano do que todos poidamos gozar, facendo fronte á insignificancia dos actuais.

Semella que todo comezara sen apenas diversidade vexetal, e tras un intento de evolución da mesma, xa non se traballaba en lograr unha beleza natural na contorna, senón na eliminación dela. Mais afortunadamente, na actualidade estanse levando a cabo novos proxectos e programas para promover a concienciación da importancia do respecto cara a natureza e a mellora das zonas verdes.

Trabállase en conservar algunhas árbores que xa existían no eido do instituto (como os carballos e salgueiros e un freixo); e cóidanse as plantacións algo máis recentes, como o xardín dos rododendros (na zona S), e o de camelios (na zona L), vinculado coas sufraxistas, xa que a camelia branca era o símbolo dese movemento. Da mesma maneira podemos desfrutar da laranxeira da zona L.

Un exemplo dun novo proxecto aplicado no instituto é Patio con(vida), dirixido polo Proxecto Terra e o Proxecto Educación Patrimonial e que ao mesmo tempo están dentro do Plan Proxecta. Preténdese renaturalizar e redinamizar o patio do centro con múltiples actividades e iniciativas, como a catalogación de todas as árbores que están no centro e varias especies vexetais e animais, así como as plantas dos xardíns da zona N (nos que se continúan introducindo novas variedades, como plantas aromáticas (romeu, tomiño e lavanda)). Tamén a creación de catro pradeiras naturais en diferentes partes do patio con diversas condicións ambientais, xa sexan a insolación, a humidade e o tipo de solo, co obxectivo de observar a súa evolución e realizar un estudo sobre elas se non se cortan periodicamente (catalogáronse xa 80 especies diferentes que medraron nestas zonas). Unha das propostas máis innovadoras foi a creación e habilitación dunha charca experimental (na carballeira da zona NW) para analizar o desenvolvemento dun ecosistema lacustre e co obxectivo de conservalo e fomentar a introdución de novas especies benignas para ela. Estúdase a variación do nivel da auga e a súa composición química, a observación das especies microscópicas, etc. O equipo medioambiental do Concello de Ames e ADEGA axudaron á súa instalación. Así mesmo, instalouse unha estación meteorolóxica na zona NL do eido, coa que grazas a ela podemos consultar os datos que recolle na rede e facer un seguimento da meteoroloxía do centro.

Hoxe en día séguense a facer propostas para habilitar máis espazos de lecer no instituto para cando rematen as limitacións do protocolo pola pandemia do COVID, esperando poder embelecer as zonas naturais canto antes.